

## CIRCULAR INFORMATIVA DA XORNADA ÚNICA EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Con data do 11 de novembro solicitouse ao Servizo de Apoio aos Servizos Educativos un informe de viabilidade do servizo de transporte escolar co fin de solicitar a xornada única nas ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria, actualmente o devandito Servizo non deu contestación algunha.

O horario da xornada única sería o seguinte:

9:30 -14:30 horas: Horario lectivo.

14:30 -15:10 horas: Servizo de Comedor.

15:10 -16:00 horas: Actividades extraescolares / Biblioteca.

16:00 horas: Saída do transporte

Dito horario non supón modificación algunha nas rutas, no horario do servizo de transporte e na cantidade de horas lectivas xa que a hora lectiva impartida de 15:00 a 16:00 horas pasaría a ser impartida de 13:30 a 14:30 horas, e o servizo de comedor funcionaría igual que nos meses de xuño e setembro. As actividades extraescolares serían ofertadas polo Concello, para o alumnado que o desexe estará aberta a Biblioteca, que será atendida polo profesorado do centro.

Para proceder a instaurar a xornada única unha vez que se emita o informe e sempre que este sexa favorable, é preciso realizar unha votación entre as familias de Infantil e Primaria. Enviamos esta circular co obxecto de informar e de que se teñen algunha dúbida se poñan en contacto co centro.

Unha vez o Servizo emita o correspondente informe, enviarase a información que proceda (de ser favorable iniciárase o proceso de votación da xornada única, de ser desfavorable comunicarase esta circunstancia).

A Dirección

